

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BUEU
Edificio	Igrexa de San Martiño de Bueu
Dirección	Rúa do Valado, 6. O Enleito. 36939
	42.31925782760053 -8.78931879372393
Protección	
Descrición	<p>O primitivo templo databa da época do románico, pero foi completamente demolido no século XIX para edificar a igrexa actual, aínda que se conserva algun dos vellos canzorros empotrado no muro.</p> <p>O edificio actual data de 1880, e é de estilo historicista neoclásico. Ten pranta rectangular, con ábsida cadrada cuberta con bóveda, e ciborio sobre o cruceiro. A fachada é de gran sinxeleza decorativa: a porta alintelada inscríbese nun gran arco cego sobre pilastras lisas adosadas ao muro, cun pequeno rosetón no tímpano. A parte alta remátase cun frontón con pináculos abulbados nos extremos. No centro, rematando o conxunto, érguese a torre dos sinos, de sección cadrada, pilastras adosadas nos cantos, e remate con cupuliña nervada.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	05-04-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	BLANCO PAZ, FELIPE	1829	72	216
Torre-campanario	Maior.	PAZÓ MARTÍNEZ, JOSÉ	1897	86	368

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Bueu - BUEU \(GALICIA\)](#)

